La Voz de Galicia

Magnolias para Ferrín

María López Sández Opinión

20 de novembro de 2026

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/opinion/2026/11/20/magnolias-ferrin/0003_202611G20P20991.htm

Váisenos unha xeración. En maio, na Casa de Rosalía, Xosé Manuel Beiras tomou a palabra para celebrar os cincuenta anos de *Con pólvora e magnolias*. Contou daquela que el e Ferrín se coñecían desde había setenta e dous anos. Hai unhas semanas despediamos a Beiras. Hoxe toca despedir a Xosé Luís Méndez Ferrín. O título dese poemario fulcral das nosas letras di moito da personalidade complexa do seu autor. Poucos escritores souberon xuntar coma el un coidado extremo da palabra e a radicalidade do seu compromiso político.

Ferrín foi durante anos o noso indiscutible candidato ao Nobel, aquel en quen recoñeciamos unha voz capaz de representarnos no coro das culturas. Foi un deses escritores que fan linguaxe, que traballan a palabra coma o ourive o metal ata lle dar forma de alfaia. Entronca aí co mellor da nosa literatura. Con Pondal, con Otero Pedrayo. Para min, o mellor de Ferrín estará sempre na prosa breve. Penso en *Amor de Artur*, en *Arraianos*. Ás veces abóndalle o nome dun lugar para que, en poucas páxinas, teñamos a impresión de volver a un país que xa coñeciamos.

Foi, asemade, un crítico dos que sentan canon, aínda que ás veces o fulgor da súa obra literaria deixe na sombra esa faceta. *De Pondal a Novoneyra* é, xunto coa *Historia da literatura galega contemporánea*, de Ricardo Carvalho Calero, unha das obras que conformaron a nosa maneira de ler a literatura galega.

Ferrín foi un clásico en vida. Hai vinte anos líao afervoada mentres escribía a miña tese. Ferrín era o terceiro chanzo, tras Rosalía e Otero Pedrayo. Quería entender como os tres construíran con palabras a nosa paisaxe e fixeran dela unha das condicións simbólicas da nación. Volvín daquela unha e outra vez á Grande Fraga de *Tagen Ata*. Fixárame en que, ao principio e ao cabo do relato, a fraga brillaba «cunha estreliña en cada folla». Entre unha entrada na fraga e a outra cabía a historia dun pobo. Hoxe, ao saber da súa morte, volvo sentir a forza daquela descrición e lembro as palabras de Salman Rushdie sobre como a descrición é en si mesma un acto político.

Ao despedilo, imaxino a Ferrín entrando na Grande Fraga pola estrada real vella. Vai entre castiñeiros e carballos, cos pés afundidos na carriza húmida. Na luz verde da fraga flotan os polens mestos da primavera. A cada paso sóbelle da terra o arrecendo da folla podre, das

apóutegas e dos gromos tenros. Entre os fentos remexe unha pita do monte. E a fraga toda, coma unha campá enorme, resoa co arruallo do seu corazón.